

ACTIVIDADES DO 13 DE ABRIL

1. Nomea 4 materias sólidos, líquidos e gasosos

Exemplo de solución: Arxila, aluminio, vidro e ferro; agua, aceite, vinagre e alcohol; osíxeno, dióxido de carbono e butano

2. Se queremos saber a masa dun obxecto, con que instrumentos podemos coñecela e mediante que unidades a expresamos?

Medímola con básculas e con balanzas; expresamos a medida en toneladas, kilogramos, gramos...

3. Para medir masas utilizamos básculas ou balanzas. Que diferenzas hai entre estes instrumentos? Busca información

A báscula realiza unha medición directa utilizando resortes ou dispositivos electrónicos; a balanza realiza a medida comparando a masa con pesos cuxa masa coñecemos previamente

4. Que é a fraxilidade?

É a tendencia a romper en moitos anacos. Podemos comprobalo deixando caer unha bola de aceiro desde certa altura sobre distintos materiais

5. Se dicimos que o mel é máis viscoso que o aceite, que significa? Como poderíamos comprobalo?

Que o mel flúe con máis dificultade ca o aceite. Podemos comprobalo deixando caer unha culleriña de ambos líquidos sobre un prato inclinado; ou colocándoas sobre un vaso en envorcando este.

6. Hai unha lenda que lle da orixe á expresión "EUREKA" relacionada coa densidade. De que figura histórica estamos a falar?

A expresión "EUREKA" foi atribuída a figura de Arquímedes

7. Na nosa casa, a billa ofrécenos auga potable. Pero en certas tendas podemos encontrar auga destilada, auga osixenada... Que diferenzas hai entre estas "augas" e a para que se utilizan.

Auga potable é auga carente de microbios e substancias químicas prexudiciais, pero contén certa cantidade de sales e, nalgunha ocasións, desinfectantes como o cloro. Auga destilada é auga pura, que se utiliza para fabricar medicamentos e algunhas reaccións químicas. A auga oxixenada é unha substancia diferente da auga, que se utiliza como desinfectante.